

PRESENTACIÓN

Estes materiais para apoiar a campaña de InteRed 2004-2005, **Educar unha muller é educar un pobo**, subliñan tanto a liña da Área de Educación para o Desenvolvemento, apostar pola **educación como forza transformadora e a formación de formadores**, como a de continuar con publicacións de materiais didácticos que favorezan a toma de conciencia da cidadanía perante as desigualdades que están xerando cada vez maior número de poboación excluída.

A Fundación InteRed é unha ONG promovida pola Institución Teresiana para impulsar unha rede de Intercambio e Solidariedade entre grupos sociais, pobos e culturas no Norte e no Sur. A súa finalidade é colaborar na transformación da realidade actual xeradora de inxustizas, mediante procesos educativos e a promoción e defensa dos Dereitos Humanos.

A nosa proposta¹ quere favorecer, a través de textos, informacións, actividades variadas e unha metodoloxía participativa e cooperativa na que cada un e cada unha ten o seu papel, **o diálogo entre homes e mulleres** para que non se perpetúen as desigualdades que xorden do sistema sexo-xénero vixente e sexa real a equidade de xénero.

Os materiais están dirixidos a docentes, coordinadores de grupos... que queiran traballar a **perspectiva de xénero** como unha nova maneira de ler e reinterpretar a realidade para chegar a compromisos creativos e conseguir a equidade. Para facilitar o traballo e fundamentar as ideas da Campaña, sintetizáronse contidos de diversas lecturas que se citan na bibliografía. As actividades organízanse como un proceso de aprendizaxe e toma de conciencia sobre o problema das desigualdades de xénero.

O documento estruturouse en dous bloques, o primeiro con información e o segundo cun proceso didáctico e actividades.

Na **primeira parte** –Bloque I– recóllense algúns contidos claves da perspectiva de xénero. Intenta ofrecer unha alfabetización sobre o tema, cando e por que xorde a cuestión de xénero, que supón, cal é a importancia da educación para evitar discriminacións, que se está a realizar en distintos ámbitos para que a cidadanía tome conciencia. A información, estruturada en tres apartados, aporta ideas, reflexións... de maneira que as persoas que coordinan, de forma flexible, axusten os temas, a orde... ás necesidades e/ou intereses do grupo. O importante é que se constrúa conxuntamente o coñecemento para mellorar ou mudar as nosas prácticas cotiás.

¹ LLOPIS, Carmen.; (Coord) *Recursos para una educación global. ¿Es posible otro mundo?.* Narcea-InteRed. Madrid. 2003.

Este bloque diríxese ao profesorado ou ás persoas que coordinen a actividade. Os apartados informativos van desde unha aclaración de termos (1), á fundamentación teórica da campaña desde a ONGD InteRed (2-3):

1. Natureza e cultura: Perspectiva de xénero. Diferenzar sexo-xénero. Roles, atributos e estereotipos.
2. Muller e educación. Os Obxectivos do Milenio.
3. Un mundo diferente e plural: Conferencias Mundiais sobre a muller. Os Dereitos Humanos. Muller e desenvolvemento.
4. Bibliografía e recursos.

Na **segunda parte** –Bloque II– elaboramos unha proposta didáctica cun proceso de aprendizaxe participativa. Incluímos actividades con técnicas, dinámicas e recursos variados para utilizar, como dicíamos, segundo os intereses ou as motivacións do grupo. Cada conxunto de actividades fai referencia ao contido-información, que se aprende ou reforza, dos tres apartados da primeira parte.

As pautas de avaliación, para o profesorado e/ou coordinadores/-as, elaboráronse tendo en conta o enfoque de xénero desde a Educación para o Desenvolvemento (educación centrada en problemas humanos) para analizar o grao de interese, análise-reflexión, compromiso e cambio de actitudes no grupo de traballo.

SOLICITAMOS A VOSA COLABORACIÓN PARA QUE A ENVIEDES CON TODAS
AS INICIATIVAS E PODER MELLORAR OS MATERIAIS

Enviar a: Carmen Llopis. InteRed. Área de Educación para el Desarrollo.

Seminario de Nobles 4, 4º dcha. 28015 Madrid

e-mail: edesarrollo@intered.org

tel.: 91 541 64 58 - Ext 20

Agradecemos a participación de todas as persoas que de forma voluntaria nos aportaron materiais, ideas, colaboraron na elaboración e/ou experimentación dalgunhas actividades, na corrección do material... de xeito moi especial a Mercedes Ruiz-Giménez, Isabel de Torres, M^a Dolores Gant, Sonsoles Garcia Nieto, Gregorina de la Hoz e Mercedes Giménez.

² Cfr. Boletín InteRed Informa, nº 21. 2003.

No seguinte esquema recóllese a estrutura do material

